

ANUNCIO

Notificación aos interesados: Propostas de cualificación provisional de intervencións de rehabilitación subvencionadas correspondentes ao Plan estatal de vivenda 2018-2021, anualidade 2018 (AAPP 16/18).

A Xunta de Goberno Local adoptou na sesión do 13/07/2020 un acordo relativo ás áreas de rexeneración e renovación urbana (ARRUs) da Magdalena-Ferrol Vello (13ª fase), da Graña (9ª fase) e do barrio de Esteiro Vello (3ª fase), no marco das actuacións previstas no Plan estatal de vivenda 2018-2021, anualidade 2018. Nese acordo aprobou:

- As propostas de cualificación provisional.
- Denegar a admisión de dúas solicitudes de subvención.
- Notificar individualmente aos interesados aos que se lles denegou a admisión da súa solicitude.
- Publicar o presente anuncio.
- Remitir ao IGVS as propostas de cualificación provisional.

Publicase este anuncio para que no prazo de 10 días os interesados poidan poñerse en contacto coa empresa que presta o servizo de Oficina de Rehabilitación mediante

- e-mail: rehabilitacion@ferrol.es
- teléfono: 981 944 065

para teren coñecemento do contido íntegro do acto e para constancia de tal coñecemento, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra este acto de trámite cualificado poderán interpoñer os interesados, de acordo co disposto nos artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de UN MES, ou interpoñer directamente o RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de DOUS MESES, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desa xurisdición, ambos prazos contados a partir do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días establecido no parágrafo anterior.

Ferrol, na data da sinatura dixital.

O concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Infraestruturas,
Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación,
Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna

Julián Reina Villalón